## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Xestión das redes sociais institucionais

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Xestión das redes sociais institucionais | | | |
| Código | P07G092V01409 | | | |
| Titulación | Grao en Dirección e Xestión Pública | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | López Mira, Álvaro Xosé<br>Varela Álvarez, Enrique José | | | |
| Profesorado | | | | |
| Correo-e | | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A primeira pregunta que hai que responder na presentación desta materia é a seguinte: xestión de redes sociais virtuais, para que? Porque as redes sociais presenciais forman parte da dimensión humana como "ser político" dende as orixes da democracia. E é que, no caso das democracias actuais, e dos seus sistemas de produción de políticas e servizos públicos, estas redes adquiriron outras dimensións, froito da súa apertura e orientación cara á cidadanía. A primeira das dimensións (sempre intra e interorganizativas) é a profesional (comunidades de empregados públicos), a segunda é a virtual (comunidades de empregados públicos e usuarios), respondendo así ás necesidades dos marcos actuais de goberno e goberno aberto. É neste espazo de apertura e integración de novos valores da Axenda 2030, onde as redes sociais virtuais cobran sentido como medio (nunca como fin en si mesmos) para chegar aos usuarios das súas políticas e servizos públicos; tamén para implicar outros axentes públicos, privados e sociais que conforman o ecosistema de problemas públicos. Para iso é necesario coñecer o marco aberto das institucións públicas multinivel e intergobernamentais da terceira década do século XXI. Coñecer as súas plataformas web, algunhas das redes virtuais máis utilizadas, así como as súas achegas e valor para a mellora das políticas e servizos públicos. As redes sociais presenciais e virtuais como medio para mellorar a solución de problemas públicos complexos implican ter en conta, en primeiro lugar, os marcos éticos e os valores das institucións democráticas. Tamén aqueles outros "non éticos", vinculados á posverdade que xeran "fake news" e modelos de negación dos valores democráticos que son os nosos no marco da Unión Europea e a España das Comunidades Autónomas e Gobernos Locais. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| A1 | Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| A2 | Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| A3 | Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| A4 | Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| A5 | Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B6 | Aplicar o coñecemento relacionado coa dirección e xestión pública na práctica |
| B7 | Liderar e delegar responsabilidades no manexo de grupos de traballo |
| B8 | Ter iniciativa e espíritu emprendedor |
| B9 | Xenerar novas ideas relacionadas coa dirección e xestión pública |
| B10 | Deseñar e xestionar proxectos |

| | |
|---|---|
| C14 | Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aplicables á xestión pública |
| C15 | Identificar as consecuencias que a toma de decisións e os actos dos servidores públicos teñen sobre as persoas e a sociedade. Particularmente, na solución de problemas éticos e moráis, dentro da área da xestión e administración pública. |
| C16 | Desenvolver habilidades para a resolución de problemas institucionais complexos |
| D1 | Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria |
| D2 | Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiales (castelán e galego) como nunha lingua extranxeira |
| D4 | Dominar as TIC relationadas coa titulación no ámbito académico e profesional |
| D5 | Integrar a aprendizaxe autónoma |
| D6 | Adaptarse a novas situacións |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1. Amosar os diferentes modelos de redes sociais, tanto físicas como virtuais. | A2<br>A5 | B6<br>B9<br>B10 | C14<br>C16 | D2<br>D4<br>D5 |
| 2. Definir os elementos básicos das redes sociais virtuais no contexto das institucións públicas. | A1<br>A2 | B6<br>B9 | C14<br>C16 | D4<br>D5<br>D6 |
| 3. Aplicar métodos heurísticos para o desenvolvemento dunha comparación das redes sociais que utilizan as institucións públicas multinivel. | A1<br>A2<br>A4<br>A5 | B6<br>B8<br>B9<br>B10 | C14<br>C16 | D4<br>D5 |
| 4. Formular un modelo de redes sociais virtuais para as institucións públicas no marco do paradigma da gobernanza e o goberno aberto. | A2<br>A3<br>A4 | B7<br>B9<br>B10 | C14<br>C15<br>C16 | D4<br>D6 |
| 5. Avaliar os resultados dos diferentes modelos de redes sociais virtuais nas institucións multinivel españolas e galegas. | A1<br>A2<br>A5 | B6<br>B7<br>B9 | C14<br>C15 | D1<br>D4 |
| 6. Valorar as dimensións éticas do desenvolvemento de perfís institucións en redes sociais, así como o seu carácter público, en liña coas propostas da Axenda 2030. | A1<br>A2<br>A3 | B6<br>B8<br>B9 | C14 | D4<br>D5<br>D6 |
| 7. Xustificar a necesidade de incorporar ás redes sociais das administracións públicas estratexias institucionais contra as fake news no marco da UE e o Goberno de España. | A1<br>A2<br>A3<br>A5 | B6<br>B7<br>B9 | C14<br>C15 | D1<br>D4 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. Sociedade, Institucións e Persoas no mundo glocal | 1.1. Globalización e gobernanza |
| 2. Das Redes Sociais ás Redes Sociais Dixitais | 2.1. Participación e redes nun contexto de complexidade<br>2.2. Dixitalización e goberno aberto |
| 3. Social Media nas Institucións Públicas: Redes de Profesionais e Cidadáns | 3.1. Instrumentos para a participación, a deliberación e a comunicación nas institucións públicas |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Lección maxistral | 50 | 16 | 66 |
| Prácticas con apoio das TIC | 26.5 | 33.5 | 60 |
| Traballo tutelado | 15 | 9 | 24 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | Actividades introdutorias<br>Instrución programada<br>Estudo de casos |

| | |
|---|---|
| Prácticas con apoio das TIC | Estudo de casos<br>Prácticas en aulas de informática<br>Foros de discusión<br>Portafolio / Dossier<br>Prácticas de laboratorio |
| Traballo tutelado | Estudo de casos<br>Prácticas en aulas de informática<br>Foros de discusión<br>Traballo tutelado<br>Portafolio / Dossier<br>Prácticas de laboratorio |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | O alumnado poderá resolver dubidas con relación a calquera aspecto da materia (contido, traballo e prácticas). Ademáis, poderá recibir atención personalizada en relación á resolución dos problemas plantexados polo profesorado ao longo do curso |
| Prácticas con apoio das TIC | O alumnado poderá resolver dubidas con relación a calquera aspecto da materia (contido, traballo e prácticas). Ademáis, poderá recibir atención personalizada en relación á resolución dos problemas plantexados polo profesorado ao longo do curso |
| Traballo tutelado | O alumnado poderá resolver dubidas con relación a calquera aspecto da materia (contido, traballo e prácticas). Ademáis, poderá recibir atención personalizada en relación á resolución dos problemas plantexados polo profesorado ao longo do curso |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Lección maxistral | Realizarase un exame de respostas curtas na data oficial establecida | 40 | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10 | C14<br>C15<br>C16 | D1<br>D2<br>D4<br>D5<br>D6 |
| Prácticas con apoio das TIC | Ao longo do curso realizaranse diversas probas orientadas á resolución de problemas relacionados coa administración pública | 40 | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10 | C14<br>C15<br>C16 | D1<br>D2<br>D4<br>D5<br>D6 |
| Traballo tutelado | O alumnado levará a cabo diversas actividades tuteladas polo profesorado da materia | 20 | A1<br>A2<br>A3<br>A4 | B6<br>B7<br>B8<br>B9 | C14<br>C15 | D1<br>D2<br>D4<br>D6 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

EVALUACIÓN GLOBAL E CONTINUA: O alumnado terá a posibilidade de acollerse ao modelo de avaliación global. Esta opción desenvolverase nas datas oficiais de exame. O alumnado terá dereito a examinarse sobre o 100% da nota. Para acollerse á modalidade de avaliación global na primeira oportunidade, o alumnado deberá renunciar ao sistema de avaliación continua durante as 6 primeiras semanas de curso.

A información sobre as actividades avaliativas está dispoñible no espazo da materia no campus virtual, baixo a etiqueta Avaliación de cada tema.

O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria extraordinaria (segunda convocatoria) a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colgado da plataforma.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica


Cortés, Óscar, **Las redes sociales en la Administración General del Estado. Factores jurídicos e institucionales**, INAP, 2021

Cotarelo, Ramón y Gil, Javier, **Ciberpolítica. Gobierno abierto, redes, deliberación, democracia**, INAP, 2017

Subirats, Joan, **Los dilemas de la gobernanza en un escenario de globalización**, Andavira, 2019

Bouzas, Ramón, **Teoría de la organización y gestión pública: interpretaciones, explicaciones y desafíos emergentes**, Andavira, 2019

López-Fogués, Aurora, Fernández-Baldor Martínez, Álvaro y Boni Aristizábal, Alejandra, **La innovación social digital colectiva y la administraciónen el entorno de la Ciudad Inteligente**, INAP, 2017

**Bibliografía Complementaria**

Criado, Ignacio, **Nuevas tendencias en la gestión pública. Innovación abierta, gobernanza inteligente y tecnologías sociales en unas administraciones públicas colaborativas**, INAP, 2016

Jiménez, Sergio, **Guía básica de analítica digital para Administraciones públicas**, INAP, 2020

Jiménez, Sergio, **Transformación digital para Administraciones Públicas crear valor para la ciudadanía**, INAP, 2019

## Recomendacións

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Xestión das redes sociais institucionais/P07G092V01409
Goberno aberto, política e institucións/P07G092V01406
TICs nas administracións públicas/P07G092V01403

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ciencia política: Ciencia da administración e xestión pública/P07G092V01102
Ciencia política: Ciencia política/P07G092V01101
Ciencia política: Políticas públicas/P07G092V01109